

# O CONCEPTO DE NACION EN CASTELAO: (Unha análise desde a perspectiva da Filosofía Moderna e dos novos paradigmas de Socioloxía do Coñecemento)

XOAN CARLOS GARRIDO COUCEIRO  
I.N.B. A Estrada

## 1. A nación como unha obxetivación da realidade que funde as súas raíces na exteriorización humana

Nunha primeira ollada á obra do pensador que nos ocupa produce-nos a sensación de que o concepto de nación resulta ambíguo e contraditório. Este efecto debe-se a unha lectura parcelada destas definicións de nación que non permite comprender a coerencia e lóxica interna que poseen. E preciso unha visión de conxunto que nos faga posibel chegar-nos á súa verdadeira significación.

Así ocorre que nalgún lugar define a Nación Castelao segundo a tradición Marxista expresada na tese de Stalin (1), tamén aparece a nación entendida como alma (2), como terra (3), como obra da fatalidade biolóxica (4), etc... En realidade Castelao non se refire á distintas Nacións senón que todas estas concepcións en conxunto constitúen a súa definición; sendo éstas diversos aspectos, ou mellor, diferentes momentos do concepto de nación (5).

### *1a) O home impelido a construír o mundo (exteriorización)*

Nun primeiro momento topamos coa súa consideración do feito nacional como obra da fatalidade biolóxica, independente do ser político, que se basea-se

---

(1) Castelao, *Sempre en Galiza*, Akal editor, Madrid, 1977, p. 39: "Nación é unha comunidade estable, historicamente formada de idioma, de territorio, de vida económica e de hábitos psicolóxicos reflexados unha comunidade de cultura". "Somentes a existencia de todol-os signos distintivos, en conxunto, pode formar a nación".

(2) *Op. cit.*, p. 40 "a nosa terra", queremos dicir "a nosa Nación".

(3) *Op. cit.*, p. 440 citando a Renán: "a nación é unha alma, un principio espiritual".

(4) *Op. cit.*, p. 294 "...consideramos o feito nacional como unha fatalidade biolóxica, independente do ser político, que se basa na vontade dos homes".

(5) Neste congreso ten-se dito que a concepción de Nación en Castelao é anti-dialéctica, e idealista. Esta confusión debe-se á toma aillada da distintas definicións que así leídas poden en efecto producir esa sensación; pero sería tanto como dicir que o término nación é equívoco para Castelao, e por tanto utiliza-lo arbitrariamente para referirse a realidades distintas e as veces opostas. Ou sexa estáse-lle chamando a Castelao indirectamente inepto.

na vontade dos homes (6). Nun segundo momento defínese a nación como realidade obxetiva (7), en tanto que está constituída pola suma dunhas realidades obxetivas que él resume en: idioma, terra, economía e cultura (8); ou sinónimamente en alma, ou espírito do pobo, e Terra, ou conxunto de relacións que ese pobo ten coa súa paisaxe (9). Nun terceiro momento aparece a Nación, en tanto que alma e terra dun pobo; ou en tanto que conxunto de experiencias colectivas de relacións persoa-persoa a persoa-natureza, como modelador e creador do ser humano (10). Así pois a Nación é un produto humano; o home constrúe a nación na súa exteriorización impulsado pola súa constitución biolóxica. Despois este produto humano confronta-se ao seu produtor como facticidade exterior, como entidade obxetiva; na obxetivación que o home fai desas realidades que produce. Acabando por último interiorizando esas obxetividades e convertíndose o home en un produto da Nación.

Así pois, a Nación é en Castela un fenómeno Dialéctico. O home produce a nación, e a nación produce ao home. A toma exclusiva dun só dos termos da relación non nos permitiría comprender a totalidade do feito nacional, facendo-nos caer en falsa conciencia tanto se negamos que a nosa nación é o noso produto, como se negamos que nós somos produto da nación.

Analizando máis polo miúdo o devandito referimos nun primeiro momento o proceso de exteriorización humana por medio do cal o home vólcase na realidade formalizando-a e ordenando-a, nunha palabra construíndo-a de xeito que se

---

(6) Véxase nota 4, e tamén p. 296. No libro de Eduardo Gutiérrez, "Introdución ao *Sempre en Galiza*", Edicións do Castro, O Castro, Sada, A Coruña, 1986, aparece mal citado ése pasaxe; en concreto díse: "Consideramos o feito nacional como unha fatalidade histórica...". Non en tanto este erro non mengua a lucidez da súa análise (p. 7).

(7) *Op. cit.*, p. 39 "...a nación é un feito e non unha idea, un ser real e non un ente problemático".

(8) Véxase nota 1, e tamén p. 294, *op. cit.*

(9) *Op. cit.*, p. 445, "(unha nación ten alma e corpo). O corpo é a terra en que se asenta o pobo; a alma é a vontade, a intelixencia e a memoria do pobo", véxase tamén na p. 440, *op. cit.*

(10) Os distintos atributos do espírito van producindo o noso ser, o máis relevante neste autor é a linguaxe: se somos galegos é por obra do idioma. En canto á Terra como modelador do noso ser parece no S.E.G. nas páxinas 41, 45, 46, etc... "(A Terra-Nai), molde que nos vai facendo a súa imaxe e semellanza".

convirta nun mundo significativamente humano (11), fuxindo da anomia na que se caería de sentir a realidade como caos (12).

As formacións socio-culturais e lingüísticas, as relacións de produción, os territorios nos cais se desenvolve o home, e as línguas que emprega para construír esa realidade non son iguais e uniformes. Isto debe-se a circunstancia biolóxica que separa ao home dos demais animais, facendo-o a xuício de Castela, superior a eles: Refírese a que os animais viven en mundos pechados e únicos para toda a especie fruto do seu caudal biolóxico, é dicir, tanto un can de Turquía, como un de Dinamarca, vive nun mesmo mundo, porque o seu aparato instintivo rematado dotou-no dunha mesma construción da percepción da realidade, ou como Castela nos di, porque estes animais aínda están no idioma universal. O home -como di o autor de "Sempre en Galiza"- ten que inventar os seus camiños, fronte aos outros animais que teñen que camiñar polas corredeiras propias da súa especie (13).

---

(11) "A nación, para nós, é un grupo humano etnicamente diferenciado, que cobre un territorio característico que fala unha lingua propia e rixe a súa vida moral e física por tradicións e costumes peculiares" (*op. cit.*, p. 294). Nesa mesma páxina dí-nos que eses fenómenos, e por tanto, a nación, como suma de eles, funde as súas raíces na natureza humana, son unha fatalidade biolóxica. A nación defínese por produtos humanos diversificados ("diferenciado", "característico", "propia", "peculiares" son os calificativos que expresan neste texto a súa distinción). Así pois unha primeira aproximación ao concepto de Nación en Castela permite-nos coñecer a súa idea de que a fatalidade biolóxica fai que o home esté abocado a construír mundos diversos, encarnados en línguas, culturas, e relacións coa natureza diferentes; é dicir, en distintas nacións.

Acerca deste proceso topamos unha análise semellante na socioloxía do coñecemento: "Os animais non humanos chegan ao mundo con impulsos moi especializados e firmemente delimitados. En consecuencia vivirán sempre nun mundo casi totalmente determinado pola súa estrutura instintiva. Un mundo cerrado en canto a novas posibilidades, programado, poderíamos dicir, pola propia constitución animal. E por elo que cada animal vive nun medio ambiente específico da súa raza ou especie. Existe un "mundo das ratas", un "mundo dos cans", un "mundo dos cabalos", etc. Polo contrario, a estrutura instintiva do home cando nace, non só está subespecializada, senón que ademais non se atopa dirixida cara ningún ambiente particular propio da súa especie. Non existe ningún "mundo dos homes", no senso que antes utilizábamos esta expresión". Peter L. Berger, *Para una teoría sociológica de la religión*, Editorial Kairós, Barcelona, 1981, p. 17.

Por esta circunstancia biolóxica o home que non ten un mundo pre-programado, ten-se que "fazer un á súa medida", Berger, *op. cit.*, p. 17. Nun premanente volcar-se do ser humano na realidade, "ben a través das actividades físicas, ben das mentais", (Berger, *op. cit.*, p. 15). Esta necesidade antropolóxica recibe o nome modernamente de exteriorización.

(12) Berger, *op. cit.*, p. 42. Vexa-se sobre todo "O Suicidio" de Durkheim, obra clave para entender este concepto.

(13) "Algúns homes -galegos tamén- andan a falaren d-un idioma universal, único para toda a nosa especie. Son os mesmos que buscan a perfeición baixando pol-a escada zoolóxica, deica sentiren envexa das formigas e das abellas. Son os mesmos que perderon o anxeo de chegaren a ser deuses, e renegan das inqedanzas que produz a sabiduría. Son os mesmos que consideran o mito da Torre de Babel como un castigo, e renegan da vida ascendente. Mais eu dígolles que a variedade de idiomas, co-a

Neste "inventar os seus camiños", o ser humano produce distintas línguas, diferentes culturas, diversas relacións co seu peculiar territorio, e distintas relacións de produción, é dicir en síntese, produce variedade de Nacións ao longo do planeta. Isto, que segundo Castelao, pode que non nos faga mais felices, pero si mais dignos, porque asumimos a nosa liberdade; é o que nos fai ser Deuses convertíndose en rasgo de perfeición (14). O igualitarismo, ou uniformismo signi-

---

súa variedade de culturas, é o signo distintivo da nosa especie, o que nos fai superiores aos animais. Velahí vai a demostración: Un can de Turquía oubea igual que un can de Dinamarca; un cabalo das Pampas arxentinas rincha igual que un cabalo de Bretaña. ¿E sabedes por qué?. Porque os probes animais aínda están no idioma universal". (S.E.G., p. 43). Vexa-se esta idea ampliada e expicada na p. 243 de S.E.G., e a súa visión do universalismo das pp. 434, 432, 433. Acerca da exteriorización do home nese volcar-se no mundo a través de actividades físicas e mentais, que fan que este construa o mundo diferenciando-se e superando aos animais topamos neste marco de crítica aos uniformistas as seguintes sentencias: "Disque o home é superior ás bestas porque fabrica ferramentas e aparellos" (Vexa-se a analoxía co Marxismo: "...os homes comencan a ver a diferenza entre eles e os animais tan pronto como comencan a producir os seus medios de vida, paso este que se topa condicionado pola súa organización corpórea". C. Marx, e F. Engels, "A ideoloxía alemá", *Obras escogidas*, tomo I, Ed. Progreso, 1981 (URSS)), "Todo isto quer dicir que a nosa intelixencia vai nos erguendo da miseria igualitaria, e que imos ascendendo cara a perfeición por camiños que nós mesmos inventamos. Gracias á liberdade de pensar non ficaremos resinados antramentras non cheguemos a sermos deuses". (S.E.G., p. 243).

Sobre a "organización corpórea" (en Marx), ou "fatalidade biolóxica" (en Castelao), confirma-nos a antropoloxía moderna que, en efecto, o home está condicionado pola súa constitución a construír un mundo. Sobre esta deficiente constitución biolóxica dí-nos por exemplo Umberto Melotti: "Para poder pasar no momento do parto a través do canal óseo da nai -que paradoxicamente se estreitou como consecuencia da adquisición da posición erecta e da locomoción bípeda veloz-, os pequenos da especie humana, dotados dunha grande caixa craneal, deben nacer nun estadio de desenrolo menos avanzado que o dos outros hominoideos, que a súa vez, xa é menor avanzado que o dos outros animais" ... "posto que, a pesar de estar destinado a ser, dada a súa posición na escala evolutiva, un animal de prole precoz, enxendra criaturas totalmente indefensas, incapaces de comunicarse, de camiñar e incluso de manter-se erguidas" (Umberto Melotti, *El hombre entre la naturaleza y la historia*, Ed. Península, Barcelona, 1981, pp. 334-336). En palabras de Berger e Luckmann "A organización dos instintos do home pode calificarse de subdesenrolada, se se compara coa dos mamíferos superiores". "A diferenza dos demais mamíferos non posé ambiente específico da súa especie firmemente estruturado pola organización dos seus instintos. Non existe un mundo do home no mesmo senso que é posible falar dun mundo das cans ou dos cabalos". "Neste senso, todos os animais non humanos como especies e como individuos, viven en mundos pechados cuxas estruturas están predeterminadas polo capital biolóxico das diversas especies". "A pesar de contar con unha zona de aprendizaxe e acumulación individual, cada can ou cada cabalo ten unha relación xeral fixa cos seus ambientes, relación que comparten con todos os restantes membros das súas especies respectivas; delo infírese, evidentemente, que os cans e os cabalos, comparados co home, están moito máis restrinxidos a unha distribución xeográfica específica..." (P.L. Berger e T. Luckmann, *La construcción social de la realidad*, Amorrouto editores, Buenos Aires, 1984, pp. 66, 67).

(14) Dí Castelao dos Universalistas: "Queren ser felices e d-eiquí provén o seu anxeio de retornaren á vida das formigas e das abellas". E máis adiante escribe: "Non sei se abolindo os anxeios de

ficaría degradar-nos ao rango das abellas ou das formigas, e implicaría a imposición violenta dunha única lectura do mundo, a un ser que pola súa natureza está condenado a construír diferentes mundos, polo que ese único mundo non tardaría en diversificar-se como ocorreu no mito de Babel con que este pensador nos ilustra o senso da realización do home e a raigame antropolóxica que ten a diversidade de Nacións, como diferentes construcións colectivas do mundo que son.

### *Ib) A "TERRA" e o "ESPIRITO" obxetivados como Nación (Obxetivación)*

A sedimentación das experiencias dun povo vai seleccionando e separando as súas experiencias de xeito que unhas se estereotipan na memoria e intelixencia dese povo, mentras que outras se perden para a conciencia. Estas experiencias sedimentadas obxetivan-se na tradición dunha colectividade de xeito que forma o seu espírito, é dicir, o conxunto de relacións socio-culturais; e o seu corpo, é dicir, o conxunto de sensacións e visións xordidas nas relacións coa natureza, mais especificamente co que Castelao chama: a Terra. Corpo e alma de unha nación converten-se en entidades obxetivas, independentes da vontade dos homes (15). O sistema de signos que maior poder de obxetivación ten é o idioma, polo que a nosa lingua ten unha especial relevancia no rianxeiro a hora de concebir o feito nacional. Chega a dicir-nos que se somos galegos é por obra do noso idioma. Efectivamente a linguaxe permite estereotipar realidade facendo as experiencias compartidas accesibles a todos os membros da comunidade e transmítebeis ao

---

superación animal chegaríamos a ser máis felices; pero nunca mais diños da divindade". Polo que o rianxeiro asume "as desventuras do home que proveñen da súa liberdade e intelixencia" (p. 244 de S.E.G.).

Compare-se esta idea aquí expresada, e a anterior "imos ascendendo cara a perfeición por camiños que nós mesmos inventamos", co existencialismo dun Sartre e dunha Simone de Beauvoir, e en concreto as súas teorías acerca do home, como ser que inventa os seus camiños en Sartre, e a crítica da felicidade feita por Simone de Beauvoir, antepoñendo a ésta, a dignidade e a autenticidade.

(15) "A nosa tradición -escribe Castelao- revela-se no idioma, no espírito, na cultura, na arte, no xeito de vivir e de pensar, no sentido transcendente da vida e da morte, no afán de universalidade e de particularidade, no amor á xusticia e ás boas formas de convivencia, na identificación amorosa coa terra, na esperanza d-un mundo mellor, na predisposición á poesía... A Tradición é todo aquilo que endexamais nos traicionará" (S.E.G., pp. 38-39).

Acerca deste proceso de sedimentación no que cada povo se proxecta nunha terra e nun espírito dí-nos Berger e Luckmann que "A conciencia retén sómente unha pequena parte da totalidade das experiencias humanas, parte que unha vez retidas se sedimentan, vale dicir, que esas experiencias quedan estereotipadas no recordo como entidades reconecibles e memorábeis. Se esa sedimentación non se produce-se, o individuo non podería atopar senso a súa biografía" (Berger e Luckmann, *op. cit.*, p. 91).

A *terra* é a paisaxe, o morfolóxico, a natureza, a parte física da nación para Castelao (S.E.G., pp. 41, 45, 46), o *espírito* ven definido polo conxunto de solucións de relacións humanas, é dicir, a lingua, a arte, a cultura en xeral, abarcando tamén os peculiares sentimentos humanos e a maneira característica de expresa-los (S.E.G., pp. 338, 340, 346, 366, 345, etc...)

longo de xeneracións aumentando os estratos de coñecemento sedimentados, e en consecuéncia engrandecendo e madurando o noso espírito. Non existen pátrias pequenas, só existen homes pequenos que non participen da grandeza que a tradición lle foi legando ao corpo e a alma dun povo (16).

Corpo e alma, que producidas pola actividade do home; como resultado deste proceso de obxetivación, confrónta-se-lle como facticidade exterior. De ahí o segundo momento no que o idioma, a economía, a terra, e a cultura se convirten en realidade obxetivas. E por tanto a Nación, como suma destas obxetivacións, adquire un status de entidade obxetiva, independente da nosa vontade (17).

### *1.c) O home como producto do mundo que él produciu*

Para Castelao o home en abstracto non existe; non se da nengunha "natureza humana" universal na que aristotélicamente poidamos esculcar o seu ser. O ser humano, como ser social que é, ven definido polo mundo no que habita; mundo que por outra parte co-produciu él. O ser do home é un ser no mundo, producto dese mundo que el mesmo colabora a construír.

Para él, coincidindo cos plantexamentos de Risco, Galiza é un mundo; e nós non seríamos homes sen ser galegos; o noso ser como home só existe en tanto que ser que se produce a sí mesmo nun mundo que é obra súa. Ao aprender as obxetividades do noso mundo social, interiorizamo-las de tal forma que fan emerxer unha determinada forma de ser que se enfrenta á nada e que se convirte ob-

---

(16) Castelao cita a Risco para ilustrar isto: "¿Dis que Galiza é moi pequena?. Eso depende do tamaño do teu espírito. Canto mais pequeno teñas o espírito máis terra precisarás. Se Galiza che parez pequena é porque non tés azos para concebir nada grande" (S.E.G., p. 93). Vexa-se tamén as páxinas 252, 275, 285 de S.E.G.

A lingua é para Castelao unha das facultades mais relevantes do Espírito, e o atributo que mellor conforma o feito nacional como obxetivo. "...de todol-os vencellos sociaes d-unha nación, a fala é o primordial e esencial, porque aglutina e caracteriza ós elementos do grupo e mantén a potencialidade do feito nacional" (S.E.G., p. 286).

Nesta mesma línea dí-nos Berger e Luckmann (*op. cit.*, p. 91) "En principio, calquera sistema de signos podería servir, pero normalmente o decisivo é o lingüístico. A linguaxe obxetiva as experiencias compartidas e fai-nas accesíbeis a todos os que pertencen a mesma comunidade lingüística, co que se converte en base e instrumento de acopio colectivo do coñecemento. Ademais, a linguaxe aporta os medios de obxetivizar novas experiencias, permitindo que se incorporen ao acopio do coñecemento xa existente, e é o medio mais importante para transmitir as sedimentacións obxetivadas e obxetivadas na tradición da colectividade de que se trate". (Esta idea vexa-se tamen en Durkheim).

(17) Vexan-se as notas 4 e 7, e o apartado citado do libro de Eduardo Gutierrez. Sobre este momento de obxetivación dí-nos Berger: "O mundo das obxetivacións sociaes, producido pola exteriorización da conciencia, queda fronte a esa conciencia como unha facticidade exterior. E como tal apreendémolo". (Berger, *op. cit.*, p. 31). Para comprender o momento en que a nación é concebida como entidade obxetiva para Castelao pode analizar-se as teorías sobre a obxetividade compartida en Schutz, ademais de nos citados Berger e Luckmann.

xetivamente no que poderíamos chamar unha segunda natureza humana (18). O Galego é obxetivamente Galego aínda que subxetivamente pense e diga que é outra cousa distinta. Pola interiorización a alma e o corpo dun povo creado por éste na sua exteriorización, é enfrentado a éste como facticidade obxetiva, pasa a modelar o seu ser (19). E dicir, completa-se a dialéctica entre o home e o mundo. O home produce o mundo por unha banda, e por outra, o home é produto do mundo. A sociedade é un produto humano, o home é un produto social. Concretamente a nación é construída polo home, e o ser do home é construído pola nación. A nación pois é un fenómeno dialéctico (20). Non é algo sagrado, eterno e inmutabel; senon que -como nos dí Castela- é un plebiscito de todos os días, a

---

(18) "O noso movemento baséase fundamentalmente nunha aspiración de liberdade; pero a liberdade que se lle reconece ao home en xeral, ao home abstracto, non satisfai as nosas aspiracións, porque nós non somos seres abstractos: somos homes concretos enraizados nunha realidade nacional. Por eso queremos a liberdade, non somentes como seres humanos, senon como homes galegos, porque non seríamos homes sen ser galegos, como os vascos non serían homes sin ser vascos e como os cataláns non serían homes sin ser cataláns, xa que ninguen pode ser home sen ser o que realmente é" di-nos o Rianxeiro nun libro publicado en Buenos Aires baixo o título "Prosa do exilio". Ninguen pode ser home sen ser o que realmente é (vasco, catalán, galego, etc...) polo que o seu ser ven definido desde, e no mundo que él produciu na sua exteriorización, pasando o seu ser a ser un produto dese mundo que él obxetivou colectivamente pola interiorización ou aprensión desas realidades como entidades obxetivas. En palabras de Berger "O home atópa-se constantemente no proceso de dar-se conta do que é. No transcurso deste proceso o home produce o seu mundo. E só nun mundo como éste, producido por él, pode atopar o seu lugar e realizar a sua vida. Pero este mesmo proceso que construe o seu mundo, tamén "acaba" o seu próprio ser. Noutras palabras, o home non so produce un mundo, senón que tamén se realiza a sí mesmo. Ou máis exactamente, produce-se a sí mesmo no mundo". (Berger, *op. cit.*, p. 18).

(19) Vid. nota 10. "(a Terra, ou a nación, que en Castela son sinónimos)... fai-nos à sua semellanza...". "A patria é a Terra. A Terra que nos dou o ser e que nos recollerá na morte como semente de novas criaturas". S.E.G., p. 46. A nación obxetivada (nun idioma, Territorio, economía e cultura peculiares) é interiorizada subxetivamente, polo que os homes pasan a ser produto desta, complementando-se a dialéctica: "O home, debido ao carater peculiar da sua constitución biolóxica, ve-se compelido a exteriorizar-se. Os homes, colectivamente, exteriorizan-se na actividade común, e todos xuntos producen un mundo humano. Este mundo, incluíndo a parte del que chamamos estrutura social, alcanza para eles o status de realidade obxetiva. E este mesmo mundo, como tal realidade obxetiva, é interiorizado pola socialización, convertendo-se en parte constitutiva da conciencia subxetiva dos individuos socializados". (Berger, *op. cit.*, p. 123).

(20) "A sociedade é un fenómeno dialéctico en canto é un produto humano, e nada máis que un produto humano, e, sen embargo, reverte continuamente sobre o seu próprio causante. A sociedade é un produto do home... pero tamén podemos afirmar que o home é un produto da sociedade". "O proceso dialéctico fundamental da sociedade consta de tres momentos ou tres etapas. Estas son: exteriorización, obxectivación e interiorización". (Berger, *op. cit.*, pp. 14'15). Como veño demostrando, en Castela, a Nación pasa por estes tres momentos, polo que podemos concluir que a Nación en Castela é un fenómeno dialéctico.

nación non é de natureza divina senon social e constrúese na dialéctica entre o home e o mundo (21).

Pero ¿qué ocorre cando esta relación dialéctica entre home e mundo se perde para a conciencia? ¿qué pasa cando o home enaxena unha realidade que el produciu atribuíndolle autorías divinas?, nunha palabra, ¿qué ocorre cando o home se aliena.

## 2. Transformación da nación en Pátria (Interiorización)

### 2a) *A nación: obxecto amado, a pátria: amor á nación*

A nación -para este autor- é o obxecto amado, e a pátria a interiorización subxectiva da nación. E dicir, a conciencia nacional (22). Se ben no noso pobo a maioría participa da empresa común de manter obxetivados os atributos da nación; non todos, ou mellor, somentes unha mínima parte; unha "élite" nacionalista, sinte a nación como pátria. Para os demais a pátria é outra cousa que normalmente recibe o nome de España. Saltan da súa terra identificada co berce local onde viven, até a pátria Española (23). Castela pon-nos varios exemplos de cómo se produce esa ruptura dialéctica, cómo se da ese salto: o mais grave é o do Tamborileiro de Cerpozons que estando en Madrid, apouvigado pola morriña dixo: "Quero ir para España!", esta tipificación corresponde aos que fan o salto levantando voo para chegar ao abstracto (24), outros fan ese salto escalonadamente, é dicir, a saltiños: parten dunha pátria pequena, Galiza, que está noutra pátria mais grande: España, que a súa vez está noutra pátria mais ampla Europa, occidente, o planeta terra, a vía láctea, etc... até que se topa viaxando polas estrelas (25). Con

---

(21) "...a existencia dunha nación é un plebiscito de todos os días, como a existencia do individuo é unha afirmación perenne da vida. Isto resulta menos metafísico que o dereito divino e menos brutal que o dereito histórico". "As nacións non son cousas eternas. Elas comenzaron; elas acabarán". (S.E.G., pp. 440-441). Ou como nos di Berger: "A sociedade, noutras palabras, é un produto da actividade humana colectiva. Como tal, e samente como tal, enfenta ao individuo como unha realidade obxectiva. Este enfrentamento, por opresivo que poida parecer ao individuo, require unha continua interiorización de aquilo mesmo co cal se enfrenta. Ou máis simplemente, require (de cada individuo) a súa colaboración construída". (Berger, *op. cit.*, p. 124).

(22) "A Nación é o obxecto amado. A pátria é o amor que a Nación nos infunde. De tal modo que sen a conciencia nacional non se pode comprender o sentimento patriótico. (S.E.G., p. 439).

(23) "A idea nacional soio cobre maxestade cando se transfigura en ideal patriótico. Agora ben, ningún galego ignora que a súa "terra" é Galiza, pero non todos identifican a terra coa nación, obxecto de patria. Hai-nos que aínda siguen tomando en serio aqueles cromos baratos da escola oficial, onde a imaxe de Hespaña se lles metía polos ollos en forma de domadores de leóns...". "Para estes galegos, a patria é o estado español". (S.E.G., p. 440).

(24) Vid. S.E.G., p. 238.

(25) "Pero algúns soio se atreven a dicir que Galicia é a súa "pequena patria", como si ela non fose o que máis queren no mundo". (S.E.G., p. 440).

respecto aos primeiros, Castelao, aínda que os considera graves, ao non participar da explicación oficial do mundo, son máis facilmente curabeis. Pero os segundos si que participan desa explicación, polo que calla máis fondo na súa fronte. Castelao distingue aquí entre os que teñen estrelas na fronte como Rosalía na poesía de Curros, e os que teñen a fronte nas estrelas. É dicir, que se integran no mundo nun proceso de subordinación. A pátria non debe ser concebida como parte, senon como todo; e tampouco debe ser entendida dun xeito subordinado a outras pátrias, senon irmandado. Castelao aposta pola fraternidade das pátrias fronte a subordinación e dominación dunhas pátrias por outras (26).

O Estado, en tanto que tendente a unidade fronte a diversidade, ten sempre algo de etnocéntrico, pero é co nacemento do capitalismo co que ese estado se converte máis bárbara e salvaxemente etnocida. Castelao toma o exemplo de Francia, prototipo de estado uniformador, para mostrar-nos cómo a partires da revolución burguesa, o estado converteu-se violentamente en aniquilador de espíritos e corpos de povos enteiros (27). De ahí a necesidade de fundar o federalismo internacional que el propón sobre as ruínas do sistema capitalista, e a razón da súa alianza con comunistas e socialistas para derrumba-lo (28), aínda que esta alianza non quere dicir que Castelao confiara en que o novo sistema socialista

---

(26) "Non atopamos contradición algunha de fondo entre o autonomismo galgo e o verdadeiro internacionalismo, pois ambos persiguen un fito que lles é común: a concordancia de todas as patrias, os homes libres dos pequenos pobos libres, calesquera que sexan o seu orixen, a súa lingua e cultura, a súa tradición e costumes, saben gardar como ninguén o sentido reverencial da patria, e despois de mantérense fideis a sí mesmas, independentes e soberáns, non teñen máis remedio que aliarse con outros pobos se queren verse libres do anexo imperialista dos grandes estados". (S.E.G., p. 436). Castelao non está, pois, pola subordinación a un estado, senón pola alianza das pátrias fronte aos estados imperialistas.

(27) "Denantes da Revolución Francesa, ningún estado civilizado considerou en perigo a súa existencia e unidade polo feito de que nos seus territorios se falasen varias linguas e viviran varias costumes xurídicas de tipo privado. O asimilismo xurídico e lingüístico cumpríase de modo natural, polo prestixio dunha cultura sobor das demais ou por influxo da rexión na que se asentaba o poder. O proceso asimilista era evolutivo e raramente se apelaba á violencia. Foi a Revolución Francesa quen cortou aquel tránsito pacífico poñendo a natureza e as súas obras por debaixo dos sistemas pantasiosos do home. Perante o poder do Estado non existeu, dende entón, máis que o individuo abstraído, é dicir o "cidadán". (S.E.G., p. 441). A análise que fai Castelao do Estado como etnocida é semellante á que nos fai Pierre Clastres, incluso toma o mesmo estado, Francia, como exemplo para ilustrar a súa análise. (Clastres, Pierre, "Introducción en antropología política", Ed. Gelisa, 1981. Vid., p. 61). Sobre a redución a cidadano que fai o sistema capitalista, este autor fai a mesma crítica que Castelao: "...o etnocidio como supresión máis ou menos autoritaria das diferencias socio-culturais, increbe-se primariamente na natureza e funcionamento da maquinaria do Estado, que procede por uniformización da relación que a liga aos individuos: o Estado non reconece máis que cidadáns iguais ante a lei". (*Ibid.*, p. 62).

(28) "O federalismo internacional somentes pode realizarse sobor das ruínas dos estados imperialistas e coa previa abolición do sistema capitalista actual. Por esto, a estrutura federal do Estado español será posible co trunfo das armas leais". (S.E.G., p. 55).

permitiría ese federalismo internacional, dadas as sospeitas fundadas que tiña acerca das actitudes do PCE e do PSOE que hoxe veríanse confirmadas se Castela vive-se para coñecer o respecto ao dereito de autodeterminación que a nosa terra ten baixo un goberno autodenominado socialista.

A máxima do sistema capitalista "Egalité, Fraternité, Liberté" foi analizada por Castela levando-o a concluir que a igualdade é antitética coa fraternidade das diferéncias, que é o que permitiría a liberdade. Esa igualdade ante a lei, esa redución do home a individuo, a cidadano; é unha das causas fundamentais do DESBARAXUSTE (29). Calificativo co que Castela se refire ao feito de que leises e actuacións adecuadas e oportunas para unhas nacións, nomeadamente a "Castela", producen en Galiza o efecto contrario. Isto xenera a aparición dunha serie de expertos que alivian o desbaraxuste facendo trampas que impiden a estricte aplicación da lei, servindo de intermediarios entre o mundo autóctono e o alleo. Así nacen os Caciques (30).

O Estado por meio dos seus aparatos de planificación mental, fundamentalmente a igrexa, a educación, e a administración de xusticia; impón unha identidade (España), que obriga a interiorizala como pátria (31). Pero "España" non é interiorizada a partires dunhas obxetividades lingüísticas, culturais, económicas, etc... que lle son familiares e propias ao Galego. Ao non partir esta interiorización de realidades físicas, entón fundamenta-se en realidades metafísicas; o Galego mira ao seu mundo coas gafas de cor "roxo e gualda", olla a súa realidade a través desa identidade Española; e acaba concluindo que ese mundo e esas realidades non son as súas (32).

Así xorde a falsa conciencia coa interiorización dunha nación como algo sagrado, eterno, e inmutable que non é creación do home senon que procede de un certo destino divino (33). O Galego aliena-se ao negar a súa dialéctica coa nación Galega, enaxena a Nación que el produciu e atribúese unha identidade alienada que lle exime da culpabilidade e responsabilidade de ter construído unha nación. Pero isto é falsa conciencia porque realmente aínda que o negue, él sigue obxetivamente co-produciendo a nación Galega ao participar das mesmas obxetivacións comúns (34). A nación -di Castela- non é algo eterno, tivo un principio e terá un final; a nación é un plebiscito de todos os días (35). A falsa conciencia fai ver aos nosos paisanos a nación como unha fatalidade; o mundo aparece para os galegos como independente da súa actividade, e por tanto imposible de transformar. É común escoitar-lle: "o mundo non ten arreglo", "hai que deixar andar o mundo", etc... Así actúa o Galego con má fé remplazando a elección por necesida-

---

(29) Vid. S.E.G., pp. 14, 47, 113, 130, 322, 413.

(30) Vid. *Ibid.*, p. 113.

(31) *Ibid.*, p. 42: "prohibíchedes o galego... sodes uns imperialistas fracasados".

(32) Vid. *Ibid.*, pp. 19, 72, 154, 254, 298.

(33) Vid. *Ibid.*, p. 24.

(34) "...galegos que falan de Hespaña e soio levan no sentimento a imaxe da súa terra..." *Ibid.*, p. 238.

(35) Vid. nota 21.

des e determinismos ficticios; pero él, aínda que o negue, aínda que diga ser outra cousa, seguirá sendo Galego en tanto que participa na co-produción de Galiza como nación. A súa é unha construción colectiva dunha realidade ilegal e silenciada fronte a construción oficial da realidade que non só é a definición legal da realidade; senon que ademais declara como ilícitas e punibeis as outras definicións do mundo.

Nese contexto Castelao nos expón a culpabilidade do Estado nos comportamentos fatalistas e escépticos do noso povo fruto da ma fé que caracteriza a falsa conciencia xenerada pola acción alienadora do Estado Español (36).

### 3. A Estética como camiño que nos conduce ao noso ser (Desalienación)

O problema agora plantéxase nos seguintes termos: ¿Cómo aniquilar o proceso psicolóxico de má fé? ¿Cómo conducir ao Galego ao seu ser? ¿Cómo fazer -en síntese- que a nación se transforme en pátria para o noso povo?. A solución que Castelao da é a arte, como guía que nos conduce a conciencia de nós mesmos (37). E fundamentalmente sigue dúas estratexias: Por unha banda pon en cuestión a definición oficial da realidade e denuncia-a. E por outra, proxecta a luz sobre a realidade ilegal e oculta que constitúen os atributos da nación Galega. Para o primeiro cometido é común o uso de personaxes como os nenos, as mulleres, e os vellos de experiencia. Os nenos porque como aínda non interiorizaron a explicación oficial da realidade, preguntan e poñen en tela de xuício dita explicación á cal se resisten en asimilar (38). As mulleres porque ao estar excluídas da posesión do saber por maldición bíblica, e sobre todo polo dominio dos homes; non participan das explicacións oficiais do mundo pois descoñece-nas (39). Os vellos de experiencia, porque a súa explicación do mundo arranca da tradición e da nosa realidade polo que se opón a lectura oficial da realidade que impón o estado

---

(36) "...d-aqueles erros e desventuras ficou Galiza enferma de escepticismo". *Ibid.*, p. 373. Para comprender mellor este tema, pode-se consultar o capítulo II, titulado "La mala fe", da primeira parte do libro *El ser y la nada* de J.P. Sartre. Ed. Alianza Universidad, Losada, Madrid, 1984. Confronte-se especialmente con Berger, *op. cit.*, pp. 123-151, no capítulo adicado á alienación.

(37) "O dibuxo humorístico debe sere outo e pra iso ha de furar os nosos sentidos e meténdose no mundo interior domeará os nosos sentimentos axeitándoos ó ben; disa maneira será útil". (Vid. *Escolma Posible*, p. 28).

(38) Exemplos de cuestionamento temo-los en frases como: -¿E pra qué son os deputados?, -¿Por qué te chamarán burro?, -¿Por qué habrá eleccións?, -¿E os da banda d'al-a son máis estranxeiros que os de Madrí?. Exemplos da resistencia dos nenos a asimilar a explicación oficial do mundo: -Eu non quería ir á escola, porque... total para o que se aprende nun día!..., -O maestro díxonos que o mundo era redondo, ¿Tí cree-lo? -Eu non, ¿E tí? -Eu tampouco.

(39) (neno) -¿E pra qué sirven os deputados? (mai) -Eu non o sei, meu fillo. (grupo de vellos): -Disque van subir os sellos das cartas. -¿Qué ben fixemos en non saber escribir!...

Español; pero ante a impotencia dicide calar: o silencio será a actitude propia dos vellos de experiencia na obra artística de Castelao (40).

No que se refire a segunda estratexia Castelao móstranos deseños que iluminan o noso conflito lingüístico, unha administración de xusticia inxusta, os caciques fillos do desbaraxuste, os nosos modos de pensamento, as nosas pautas culturais mais íntimas (41). En definitiva, Castelao por medio da Arte proxéctanos nun mundo e familiarízanos con el. Ese mundo resulta ser a Nación Galega; e a arte é o instrumento desalienador que nos reconduce ao noso propio ser definido pola nación que producimos e da cal somos produto (42).

#### 4. A vixencia do pensamento de Castelao

Nestes tempos que corren onde a secularización da vella relixión dou paso a unha nova relixión mais alienante e deshumanizadora na que os profetas do progreso nós impoñen a penuria e o sacrificio terrenal, ou mellor, da nosa terra, para poder alcanzar un ceo que nos sitúan en Alemaña, en Xapón, en E.E.U.U. Os vellos caciques foron superados polos tecnocaciques, moito mais sofisticados que os que combateu o Rianxeiro, e por eso moito mais terribéis.

Ese ceo de que nos predicán os tecnocaciques é a xustificación da súa tiranía. As reconversións, a desfeita da nosa gandeiría, agricultura e pesca, e da economía do país en xeral é a penitencia que nos fan pagar para alcanzar un paraíso no que as empanadas xa non serán de bonito nen de coello, senon que serán de circuitos integrados.

Esa ideoloxía de progreso que denunciou Castelao ("Eles foron os supersticiosos do progreso. Adouraban o misterio da electricidade no miragre do arco voltaico, creían que a cultura viña pol-os aramos, ollaban nas máquinas a salvación do mundo, e para eles a letra de molde non podía mentir."), e que con tempo-

---

(40) Exemplos: -Non hai homes de ciencia e ós homes d'experiencia non nos fan caso. -Mexan por un e hai que dicir que chove... O que pensa este vello non se pode dicir. ...non se sabe o que respondeu o vello. -¿...? -¿...?.

(41) O probe Xan. -Decías que eras probe e tiñas unha vaca, eh?. -E paraqué ques largar da Terra? ¿Non temos pan no forno?. Non son pastores de Belén; son labregos que van a pagal-os foros. -Un padrenuestriño para que Deus nos libere da xusticia! -Os escravos do fisco. -A túa filla xa será unha moza, eh?. -Ai, miña mai! ¿Por qué o maestro non fala coma nós?. etc...

(42) "(un galego) avisounos que non consentiría que alí propagásemos o "galeguismo", porque para él non había mais patria que o mundo; pero fixémoslo chorar ao lembrarlle a fermosura das nosas paisaxes, a beleza dos nosos moimentos, a ledicia das nosas festas, a sabiduría dos nosos refráns, a queutura dos nosos fogares, a bondade das nosas mulleres, a xusticia das nosas reivindicacións, a humanidade do noso esprito... E aquel terrible internacionalista acabou por confesar nos que Galiza era o mellor país do mundo" (S.E.G., p. 435). Aquí vemos a actitude de Castelao, ante un galego que subxectivamente ten unha identidade alienada, unha falsa conciencia; mediante recursos estéticos conduce a éste ao seu propio ser, é dicir, Transfigura a nación en pátria. Este texto citado é suficientemente sintomático e ilustrativo acerca da actitude desalienadora e revolucionaria de Castelao.

ráneamente denuncia J. Habermas ("Ciencia e técnica como ideoloxía"), é unha ideoloxía da que o mais deplorable é que precisamente se utiliza para encubrir un retroceso. Mais dun tercio da humanidade morre de fame.

"Competir ou morrer" é a súa máxima. Galiza é unha nación pouco competitiva, por tanto debe morrer e deixar paso a nación universal, degradando-nos incluso mais que aos cabalos e cans do exemplo de Castelao que en algun canódromo ou hipódromo acadarían a aceptación dos feligreses da competitividade.

Non é a excepción, senon a norma, escoitar que esto do "nacionalismo" está anticuado, e é terceiromundista, Castelao, estaba ben no seu tempo, pero hoxe... Nesta comunicación comparei a Castelao cos pensadores contemporáneos de mais talla, e amosei as súas coincidencias. Castelao non só non está anticuado, senon que é muito mais vixente que fai 50 anos; porque hoxe Galiza é muito menos libre que entón; e a súa esperanza xace aínda nas cunetas ensanguentadas agardando ser recuperada. Durante o Franquismo Castelao dixo: Nestas circunstancias eu declárome Separatista, e so renunciaría ao seu arredismo no caso de constituir un estado federal no que se respetara o dereito de Autodeterminación para Galiza; Federalismo ou secesión dicía Castelao. E é evidente que o federalismo non existe hoxe, e que por tanto só nos quedaría abrazar a outra posibilidade se asumimos loxicamente os seus plantexamentos. Isto é indixeríbel para os sacerdotes do progreso (Plataformas Progresistas, Federacións Progresistas, Alumnos Progresistas, Goberno de Progreso, Agrupación Galeguista Progresista, e demais "progres" que participan do mesmo Deus, aínda que formen distintas iglésias con distintas sectas). O pensamento de Castelao é vixente hoxe; o que non é vixente é o destes "supersticiosos do progreso" porque "andan vestidos á moda que acaba de pasar, fuxen da raxeira do sol, tapándose con sombrillas".